

Nome do concurso: Gali-foto 2019

Promotor: Equipo de Dinamización Lingüística do IES Universidade Laboral de Culleredo.

Obxectivo: Promover o uso da lingua galega e as novas tecnoloxías entre o alumnado do centro.

Bases do Concurso:

1. O concurso terá dúas categorías:

a) fotografía artística (paisaxe, retrato, monumento, etc).

b) fotografía que conteña un texto en galego que sexa curiosa e divertida na que apareza unha pancarta, pintada nunha parede, etc, en galego.

Nos dous casos incluírase un comentario en galego (aspectos técnicos da foto, motivación, mensaxe implícito, sensación ou sentimento que o autor quere transmitir, etc)

2. O autor das fotografías ten que estar matriculado en Bacharelato, Ciclos Formativos, FP Básica ou ESA no IES Universidade Laboral no curso 2018/19.

3. Poderán presentarse un máximo de **dúas fotografías** por participante: (fotografía artística e fotografía con texto en galego). Poderase presentar unha soa por modalidade .

4. As imaxes dixitais deberán ter un destes formatos: jpg, gif, tif, png ou bmp. Non se aceptarán fotografías con tamaño inferior a 1 megabyte ou 13 x 18 cm con 150 píxeles de resolución mínima.

5. A fotografía artística poderá ser tratada ou modificada dixitalmente. Neste caso deberá presentarse tamén a fotografía orixinal.

6. No caso de aparecer algún **retrato** nas fotos presentadas, a organización presupón que o/a autor/a ten a autorización e/ou permiso das persoas implicadas, recaendo sobre si mesmo/a toda **responsabilidade** relacionada co **dereito á intimidade e uso da imaxe**.

7. O envío das fotografías realizarase á conta de correo electrónico coordinacion.edlg@ulaboral.eu incluíndo o comentario das fotos. Nesta mensaxe incluírase o nome do autor, DNI e curso no que está matriculado.

8. O prazo de recepción de fotografías remata o venres 10 de maio de 2019.

9. A participación no concurso implica a aceptación por parte do autor de que as fotos enviadas serán incluídas no arquivo do centro e poderán ser expostas no mesmo Centro citando o autor das mesmas e cumprindo os obxectivos do Equipo de Dinamización Lingüística.

10. As fotografías presentadas deberán ser orixinais e non copiadas doutros autores ou baixadas de Internet, polo que DEBEN INCLUÍRSE OS METADATOS DA FOTOGRAFÍA. Non se admitirán fotografías que transmitan valores negativos como violencia, xenofobia, homofobia, etc.

11. O xurado do concurso estará formado polos membros do departamento de Dinamización Lingüística.

12. Premios:

FOTOGRAFÍA CON TEXTO EN GALEGO INCLUÍDO:

Primeiro premio: 50 €

Segundo premio: 30 €

Terceiro premio: 20 €

FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA COMENTADA:

Primeiro premio: 50 €

Segundo premio: 30 €

Terceiro premio: 20 €

Calquera destes premios poderá quedar deserto se as fotos presentadas non acadan un nivel de calidade mínimo ou non cumpren con algunha das bases.

13. A data e lugar da entrega de premios sairá publicada na páxina web do Instituto e comunicada por e-mail aos interesados e estará condicionada á presenza do premiado/a no acto de entrega.
O premiado poderá delegar noutra persoa a recepción do premio mediante documento asinado.
14. A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do mesmo por parte dos autores das fotografías. O Equipo de dinamización Lingüística do Centro queda facultado para resolver calquera incidencia non prevista nas bases do concurso.